

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ESTABLECIMENTO DE NORMAS E PAUTAS ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA, DE LIMPEZA E DE CONTROL AMBIENTAL DAS PRAIAS DESTINADAS Á PREVENCIÓN DA COVID-19.

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia..

Por outra parte Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do Concello de Cedeira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. O 10 de xullo de 2020, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou un convenio de colaboración co Concello de Cedeira para o establecemento de normas e pautas organizativas de seguridade e vixilancia, de limpeza e de control ambiental das praias destinadas á prevención da COVID-19.

Segundo. O concello interesou unha modificación do proxecto subvencionado que se concreta nunha reestruturación das actuacións sobre as pasarelas de acceso á praia, con natureza de investimento, que implica unha correlativa minoración do custo de execución. A modificación non altera os presupostos inicialmente establecidos, se ben implica un incremento da porcentaxe de financiamento da parte concedente, nin hai substitución do obxecto da subvención.

Terceiro. A comisión mixta prevista na cláusula décimo terceira do convenio propuxo a formalización dunha addenda ao convenio que recolla as modificacións procedentes no texto.

Con base en todo o anterior, ambas as partes acordan:

1. A modificación da cláusula primeira do convenio, para recoller o novo importe do orzamento elixible total que será de 13.842,40 €.
2. Na cláusula terceira, modifícase a % de financiamento que a cantidade consignada na aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 representa sobre o orzamento das actuacións con natureza de investimento, que pasa do 25,80% ao 50,57 %.
3. Modifícase o detalle do orzamento incorporado como anexo ao convenio e do cal forma parte, polo que se inclúe como anexo a esta addenda.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan electronicamente o presente documento, para un so efecto, o 28 de agosto de 2020.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

O alcalde do Concello de Cedeira

Alfonso Rueda Valenzuela

Pablo Diego Moreda Gil

Anexo. Orzamento

Gastos	Elixible GGFF	Elixible Investimentos	Elixible total
Instalación de pasarela 1 (Entrada-Saída)	0,00	7.344,70	7.344,70
Pasarela 2 (Saída)	0,00	5.336,10	5.336,10
Carteis medidas COVID-19 (accesos entrada e saída e aseos públicos)	1.161,60	0,00	1.161,60
Total CEDEIRA	1.161,60	12.680,80	13.842,40